

Nossomos

Revista trimestral,
Número 1

Abril 2023



Nossomos

Revista da Escola de Música de Rianxo

Edita

Escola de Música de Rianxo

Dirección

Jesús Pérez

Redacción

Nereida Pérez

Diseño e maquetación

Jesús Pérez e Nereida Pérez

Ilustracións, audio e fotografía

Fondo Documental do EDPC da
EMR CC (BY-SA)

Colaboran

Equipo de Documentación e
Preservación Cultural da EMR

Queremos agradecer a tantas
persoas a xenerosa colaboración
prestada dun xeito ou doutro.
Moitas grazas.

Paxina web

(www.sondamar.es)

Licenzas

Nossomos CC (BY-SA)

No artigo *Un Paseo polos Nossos*

Lugares... Imo úsanse códigos QR
feitos pola Asociación Cultural *Os*
Penoucos e con licenza CC 4.0

(www.creativecommons.org)

Audio do tema *Ulnar* cedido

amablemente por Alfredo
Susavila.

Audio do tema *Cabalería Lixeira*

cedido amablemente por Félix
Rodríguez e José Rodríguez.

Fotografías 20 Aniversario e
actividades, cedidas amablemente
por *Comisión de Actividades da*
BEMR.

EDITORIAL

Camiñando polo carreiro que trazamos no número anterior de *Nossomos* imos desenvolvendo o proxecto EDPC. Proxecto que vai medrando firme sobre tres piares os cales son...

Nossomos

Coa presentación deste número un de *Nossomos*.

Sondamar

Coa creación da canle de Youtube co fin de ofrecer materiais multimedia.

Coa creación da conta de Instagram como taboleiro de anuncios do proxecto.

Coa creación da conta de Pinterest como plataforma centrada na presentación de material fotográfico.

Coa creación da páxina web do proxecto como portal desde o que presentar o traballo realizado.

Edaterra

Coa creación do blogue do proxecto onde presentar outros traballos non presentes en *Nossomos* ou presentes pero mostrándoos doutra forma.

Queremos responder nesta editorial a unha pregunta: Que significado ten o 20 aniversario da BEMR?

20 anos é algo máis do necesario para conseguir a maioría de idade dunha persoa, e, no noso caso, foi o tempo necesario para ir conseguindo a maioría de idade como banda musical. Tanto que xa esta banda nova comeza a dar pasos buscando as infraestruturas necesarias que nos axuden a lograr esa necesaria incardinación no tecido comunitario. Imos, “que se nos vai da casa” por así dicilo. Citando a Eduardo Mosconi na entrevista publicada no pasado número 0 da nosa revista:

“Os centros de educación musical deben incardinarse no tecido comunitario e responder as necesidades sociais de gran calado pedagóxico e social e está asociada á idea da educación permanente e a educación ao longo da vida (Ortega, 2005) Neste sentido para poder levar a bo termo o anterior, necesitamos infraestruturas que actualmente non temos. É necesario dispoñer dunhas instalacións permanentes, tanto para a Escola de Música como para a Banda de Música.”

Este aniversario é, por tanto, tempo de celebración dun traballo previo que nos permitiu chegar a este punto. E para preparar esa celebración fomos dando pasos

- 1.- Preparación e estrea do novo local de ensaios da BEMR (agradecer neste punto a desinteresada colaboración de numerosos membros da banda e afiliados)
- 2.- Posta en funcionamento de organismos destinados á delegación de responsabilidades e a implicación dos membros da BEMR no seu funcionamento por exemplo a Comisión da Banda.
- 3.- Actividades realizadas pola Comisión de Actividades (Xogos de mesa, xogos de grupo e *gymkhana*).
- 4.- Publicacións en Instagram.
- 5.- Exposición e concerto XX aniversario.

Con estes logros conseguidos e/ou en desenvolvemento encamiñámonos cara ao futuro.

Jesús Pérez.

20230430, Taragoña, Rianxo.

Nossomos

E así soa...

2

Editorial.

Así soan... o XX aniversario da formación da BEMR e o noso proxecto.

4

Noticias.

Avanzando nos obxectivos trazados e poñendo a camiñar novos proxectos mentres preparamos o 20 aniversario da EMR

8

Entrevista a...

Alfredo Susavila.

A firme convicción de que a constancia e o traballo son o máis importante.

12

Concerto Sentido.


Concerto de fin de ano.

15


Un paseo polos nosos lugares... Imo



2003



2010



20

A música da BEMR.

Nesta ocasión presentamos a música de Dmitri Shostakovich.

23

A música das palabras.

Tres Formas de Querer, Tres Relatos Encadeados, Lúa Crecente e Parruliño de Aldea.

25

E logo ti?

Hoxe temos o pracer de entrevistar a... José Rodríguez (Baby)

28

E o ceo cantou para min.

Os mundos musicais de Ramin Djawadi.

31

Contando compases.

Encrucillados, xeroglíficos, humor...

33

Sinfonía de sabores

Sinfonía Zen en catro movementos.

Noticias

Avanzando nos obxectivos trazados e poñendo a camiñar novos proxectos mentres preparamos o 20 aniversario da BEMR.

Redacción

Como dixemos no anterior número da revista e na editorial do actual, este trimestre a Escola de Música de Rianxo centrouse en dúas cuestións:

1.- A preparación do novo local de ensaios da banda. Grazas á colaboración desinteresada de numerosos membros da banda e familiares púidose reacondicionar e poñer en funcionamento un local para os nosos ensaios. A preparación foi contando cos nosos propios recursos e isto permitiunos non só aforrar diñeiro senón, e valorámolo moito, establecer lazos máis próximos na práctica do traballo entre membros das diferentes seccións da nosa banda: músicos, familiares, membros da Xunta Directiva... Foi, pois, non só un tempo para levar a cabo un proxecto senón tamén un tempo para cohesionar. Obtivemos moitas fotografías de todo este proceso e, a pesar de que o noso espazo é moi limitado na revista, queremos incluír algunhas delas. O resto quedarán para o arquivo como o paso importante que foi.



2.- A posta en marcha de novas seccións que nos permiten profundar en mecanismos de democracia e transparencia á vez que se favorece a retroalimentación entre a dirección e as bases e tamén a unidade interna. En concreto:

a.- A elección de membros da *Comisión da Banda* e as primeiras tomas de decisións por esta; como foi a creación de criterios e de grupos en referencia ao mantemento do novo local. A *Comisión da Banda* ten maiores responsabilidades que aos poucos irá asumindo.

b.- A posta en marcha de encontros promovidos pola *Comisión de Actividades* producíndose ata o momento da redacción deste artigo catro deles, os cales foron dedicados a:




- a.- Xogos de mesa
- b.- Xogos de grupo
- c.- *Gymkhana* (en dúas ocasións)

Queremos, neste punto, recoller algunhas palabras do Programa da *Comisión de Actividades* pois nos parecen moi interesantes:

“Introducción:

As *Actividades de lecer da Banda da Escola de Música de Rianxo* son unha serie de actividades, xogos e divertimentos que se farán ao longo do ano 2023. Estas levaranse a cabo unha ou dúas veces ao mes. Con estas actividades buscamos mellorar as relacións persoais entre os/as diferentes integrantes da banda, tratando de conseguir unha mellor convivencia entre eles e unha maior sensación de pertenza a un grupo.

Obxectivos:



- Favorecer as relacións interpersoais entre os/as membros da banda ou mellorar as xa existentes.
- Traballar en equipo na consecución de obxectivos e logros comúns.
- Aprender a aceptar tanto a derrota como a vitoria nas diferentes actividades.



- Convivir cos compañeiros/as da banda nun ambiente diferente ao dos ensaios, concertos, procesión, etc...
- Disfrutar do tempo en compañía de amigos e compañeiros da Banda da Escola de Música de Rianxo.

c.- Non queremos esquecer a actividade periódica que están a realizar as compañeiras encargadas do Instagram da BEMR que tras cada ensaio dan voz aos nosos músicos sobre diversos temas. Cremos que esta actividade é moi interesante e como tal, desde aquí apoiámola e remitímonos aos vídeos que podemos ver na citada rede social.

d.- Por último, e como colofón a todo o traballo non só deste



trimestre senón de vinte anos, a Banda da Escola de Música de Rianxo realizará unha exposición retrospectiva que abarca o período que vai desde o 2003 ata os nosos días e que se presentará do 21 de abril ao 19 de Maio no Auditorio de Rianxo. Alí estivemos, nun emotivo acto onde participaron coas súas intervencións Eduardo Mosconi e Adolfo Muíños. E contando coa participación dun cuarteto de clarinetes da nosa BEMR. Doutra banda, o luns 1 de Maio (día da clase obreira) celebrarase no Campo de Arriba ás 12:30 o concerto que conmemorará este 20 aniversario.

Pero non queremos despedirnos desta sección sen antes dicir que o pasado día 31 de Marzo no local restaurante Tialena de Rianxo, ás 9:00 da noite un grupo de persoas reuniuse para compartir uns momentos emotivos. Botabamos de menos en Rianxo un lugar no que celebrar iso que chaman Jam Sessions e que non é outra cousa que pasalo ben improvisando e xogando coa música e os amigos. A proposta partiu de Bruno, un alumno de piano da EMR e convocou a algúns dos nosos veciños, deses para os que a música é tanto ou máis que o aire que respiramos. Tanto á dirección do local, á que desde aquí agradecemos a acollida que nos deron, como aos asistentes pareceulle que sería unha pena non repetir en breve a experiencia así que nos despedimos cunhas fotos desta máxica noite agradecendo a todos os presentes os momentos vividos e especialmente ao promotor da idea; Bruno.

Estrasantico de Simón Couceiro. Interpretado polo Cuarteto de Clarinetes da BEMR na Exposición do XX Aniversario da BEMR 20230421. Audio dispoñible só na edición multimedia.



Entrevista a...

Alfredo Susavila

A firme convicción de que a constancia e o traballo son o máis importante


Redacción

Nesta ocasión temos o pracer de entrevistar a Alfredo Susavila, quen nace en 1976 e que conta co título en grao superior de piano. Habendo participado, composto e arranxado música para múltiples proxectos, é, ademais, profesor de piano na EMR e tamén no CEMU de Santiago de Compostela sendo director deste último centro. Cabe destacar que é o creador dun método de piano propio publicado en 2021 que ten gran éxito e que en tan breve espazo de tempo xa é utilizado en distintas escolas e conservatorios. Na súa páxina web (www.alfredosusavila.es) podemos atopar moita máis información. A ela remitimos non sen antes dicir que hai cousas que un currículo non pode medir como é a dedicación, a empatía, a preocupación por atender as necesidades particulares de cada alumno e aplicar, a cada alumno o propio método de piano creado. Como él di “como a min me gustaría que me ensinasen”. Empezamos pois.

Nossomos: Poderíanos explicar que é o CEMU?

Alfredo Susavila: Antes de nada dar a benvinda a tódolos lectores, e parabéns ás persoas que realizan e organizan este traballo.

O CEMU dende o 2019 é un centro autorizado



pola consellería de Educación para impartir as ensinanzas profesionais de música moderna. (Código


de centro: 15033186). Quero explicar con esta frase de forma máis extensa que se trata dun centro que proporciona ao alumnado de forma oficial o título profesional (Grao Medio). Atendendo as necesidades dunha ensinanza artística de calidade e garante a calificación de futuros profesionais orientados a un perfil da música moderna e o jazz. Ata fai pouco este tipo de ensinanzas conseguíanse de forma autodidacta ou a través de clases particulares con músicos preparados neste perfil. Por sorte hoxe en día foi avanzando, e intégrase nas escolas de música como a de Rianxo e é posible ampliar os estudos de forma oficial.

Nossomos: Sabemos que vostede creou un método de piano propio e mesmo ten publicado un programa informático para complementar o estudo do mesmo. Podería explicarnos en que consiste o seu método e por que motivo creouno?

Alfredo Susavila: O método de piano naceu da inquietude e a necesidade que tiven dende que empecei a dar clase alá polo 2001, intentando facer unha boa programación das miñas clases basándome nos estudos realizados e a miña experiencia como músico, analizando as necesidades da vida profesional. O temario dos métodos está composto por oito libros, consiste en abarcar tódolos aspectos técnicos, armónicos e estilísticos dende o inicio ata un nivel avanzado, tratando de servir de guía para futuros profesionais da música moderna e como axuda para outros profesores, xa que é moi complicado conseguir un material ordenado no que enfoque tódolos aspectos que afectan ao instrumento e califiquen ao alumno coas técnicas necesarias para o desenvolvemento estilístico na música moderna e o jazz. Por outro lado coa intención de seguir mellorando no campo da ensinanza, tiven a necesidade de crear unha aplicación como reforzo do método no apartado estilístico, xa que unha das bases fundamentais dun músico é a importancia de escoitar música así como tocar en conxunto con outros músicos. De feito quixen facelo para que os alumnos tiveran unha sensación moi real de tocar en grupo, isto foi grazas á colaboración e grabación de dous músicos de alto nivel como foron Pachi Cruz ao baixo eléctrico e contrabaixo, e Carlos Bastón á batería.

Outro punto importante para min é que servira tamén de motivación ao estudante mellorando a súa formación.

Nossomos: Cando unha persoa que estuda piano remata os seus estudos na EMR, que opcións pode elixir se decide profundar máis na disciplina?



Alfredo Susavila: Un alumno que remata os estudos na EMR, finalizando tamén o resto de materias que complementan ao instrumento, ten a preparación necesaria para afrontar o título profesional (grao medio), seguidamente se quere seguir ampliando os estudos, pode continuar esta formación accedendo aos estudos superiores de Jazz e Música Moderna.

Nossomos: En ocasións podemos oír que a comunmente coñecida como música clásica é superior á tamén comunmente coñecida música moderna. Que opinión merécenlle tales afirmacións?

Alfredo Susavila: Non comparto ese tipo de opinión, a música é demasiado grande e agrupa moitísimos estilos, épocas e tradicións. Para min é unha falta de coñecemento sobre o tema. Por sorte dediquei moita parte da miña vida ao estudo da música clásica, no que puider ver a grandeza que ten. A miña opinión neste tema e que non creo nesa superioridade, calquera estilo da música clásica, moderna ou jazz que queiramos realmente dominar levaría unha vida completa, e ningunha é superior a outra, son distintas etapas da


historia, estilos, épocas e as raíces de cada lugar son demasiado complexas como para considerar algo superior a outro, habería que especializarse en cada estilo e analizar profundamente, o cal sería imposible. Na etapa inicial e media dun estudante que quere conseguir chegar a ser un músico profesional, recomendaríalle que escoite e se enriqueza en tódolos estilos que poida, se só te limitas a un estilo, serás un especialista niso pero terás moitas carencias na túa fase de formación e o descoñecemento de moitos estilos que che enriquecen e motivan buscando o teu camiño. Logo cando xa te dedicas profesionalmente é moi habitual especializarse en algún estilo que teñas a inquietude de seguir formándote, en algo moi concreto como pode ser o jazz, música contemporánea, a música tradicional de calquera lugar, barroco ou o que máis afin sexa ao teu gusto.

Nossomos: Cre que estudando música moderna é posible interpretar calquera peza musical, mesmo música clásica?

Alfredo Susavila: A miña opinión sobre este tema é que calquera, sexa de música clásica ou moderna con certo nivel de lectura e técnica pode chegar a interpretar unha partitura e dar as notas que corresponden a esa peza, agora ben eso queda a anos luz de ter unha excelente interpretación. Un estudante de música moderna, podería enfrentarse a calquera peza xa que anteriormente tivo unha formación sobre ese estilo. A música moderna abarca moitos estilos que hoxe en día necesítanse para a vida dun músico profesional actual. Se tivera que tocar unha obra clásica tería a necesidade de escoitar e formarse nese estilo alleo a súa formación. Por outro lado dentro da formación da música moderna, abarca un aspecto moi importante a improvisación tanto como solista como no acompañamento o cal non aparece nunha partitura escrita; isto é unha das grandes dificultades e carencias que un estudante de música clásica ou outros estilos non podería realizar, e recomendaríalle que se formase na música moderna e o jazz para o seu futuro profesional.

Nossomos: Que lle diría vostede a unha persoa que queira dedicarse profesionalmente a este mundo da música e especificamente ao piano?

Alfredo Susavila: En primeiro lugar como base que escoite moita música, recomendaríalle no seu plan de estudos que incorporase dez ou quince



minutiños mínimo tódolos días a sentarse a escoitar música analizando non só o que fai o seu instrumento, así como que toque con tódolos músicos que poida. Hai unha frase do trompetista Clark Terry que me gusta moito e coméntolle a tódolos alumnos sacada dun de libro de jazz “A Jazz Improvisation Primer”, que resumía o proceso creativo e describe moi ben a faceta para chegar a ser un músico profesional “Imitation, Assimilation and Innovation” (imitación, asimilación e innovación). Por outro lado que beba de cantos máis estilos mellor sen descoidar outros aspectos que rodean ao instrumento e a outras materias, conseguindo unha rutina de estudo e sobretudo que disfrute do camiño deste mundo tan fermoso.

Nossomos: E para terminar, que compositores e que músicas poderíanos recomendar hoxe, que mañá poderían ser outras, para gozar un bo intre escoitando música?

Alfredo Susavila: Paréceme moi boa pregunta, como dixen anteriormente un dos piares fundamentais é escoitar música, pero centrándome na pregunta mencionar o pianista que estiven escoitando hoxe, trátase dun músico que particularmente gústame moito e escoito habitualmente como é Joey Calderazzo.

Para que saibades un pouco sobre a música que escoito habitualmente, aínda que a lista sería demasiado extensa fago unha pequena lista de varios pianistas que espero que vos gusten como é Bill Evans, Chick Corea, Herbie Hancock, Michel Petrucciani, Keith Jarret, Kenny Barron, Gonzalo Rubalcaba, Esbjörn Svensson e Brad Mehldau.

Para terminar envíovos un saúdo a tódolos lectores e que sigades disfrutando desta paixón que é a música.

Moitas grazas Alfredo por estas palabras tan clarificadoras sobre os estilos musicais e por axudarnos a comprender as diferentes opcións con que un alumno da EMR conta cara ao seu futuro xa sexa profesional ou non.

Ulnar, Alfredo Susavila.
Audio dispoñible só na edición multimedia.



Concerto sentido

Concerto de Fin de Ano 2022

Banda da Escola de Música de Rianxo

Dirixe Rafael Collazo Moares

Jesús Pérez

Trátase esta dunha sección para achegar e comentar algúns aspectos sobre os temas que forman parte dos nosos concertos. Iremos tratando concerto a concerto cada tema, achegando os nosos *two cents worth* tentando axudar a contextualizar cada peza por separado á vez que comprender mellor o conxunto dunha presentación. Sinxelamente, cremos que apreciamos máis algo cando o comprendemos. E comprendemos mellor algo cando, ademais de ser capaces de ver cada unha das súas partes por separado, somos capaces de captar a súa esencia e a relación entre as distintas partes que o conforman. Da mesma maneira que non comprenderemos a un ser humano determinado por máis que comprendamos o funcionamento de cada un dos seus diferentes órganos. Unha presentación é un conxunto en si mesmo, nunca un “caixón de xastre”. Do mesmo xeito que un bo disco ten unha coherencia nos seus temas (entre nós, poucas cousas hai peores que un *super hits*) E aínda que, poñendo xa un caso extremo, o criterio único para elixir uns temas determinados en lugar doutros fose tan só a capacidade para defendelos ou non por parte do conxunto musical, tamén ese feito estaríanos a indicar cousas das cales poderíamos obter ensinios para avanzar. Sería fácil comezar polo concerto do pasado verán que a BEMR dedicou a John

Williams pois é realmente unha homenaxe en sí mesmo pero gústannos os retos así que... alá vai que imos co concerto do pasado *Fin de Ano*. Esperamos que vos guste.

Antonio Estevan y María Gil (2014)

Óscar Navarro (1981)

Trátase dun pasodobre que en 2014 compuxo o mozo mestre alacantino Óscar Navarro; o cal posteriormente á obtención do grao superior en clarinete especialízase en

composición e dirección na *Allegro International Music Academy* en Valencia con Ferrer Ferrán quen pasou a ser mestre e amigo. A súa carreira e as súas composicións musicais son tan interesantes que merecen un artigo expreso.

A música que compón Óscar Navarro é rica en matices, expresiva e suxestiva. Ese tipo de música cargada de contido que nos mantén rendidamente expectantes ata converternos en activos participantes das súas presentacións.

O devandito, profundaremos no seu traballo noutro número pero neste queremos tratar especificamente sobre a peza que a nosa BEMR presentou no pasado concerto de fin de ano. Antonio Estevan encargou no seu momento a Ferrer Ferrán unha peza dedicada á súa muller María Gil. Ferrer Ferrán (de quen tamén a BEMR



executou algunhas pezas) compona e ademais fai un pasodobre chamado *Antonio Esteban López*. Óscar Navarro compón en 2014 o pasodobre *Antonio Esteban López e María Gil Herrero* encargado polo propio Antonio e con motivo do 66 aniversario da súa relación de parella con María Gil, o cal ten letra. Á marxe da edición que neste artigo traemos que é da BEMR, recomendamos a audición do disco *A Gran Gala do Verán* (2019) dirixido polo mesmo Óscar Navarro ao mando da *Óscar Navarro Symphony Orchestra* e contando coa voz de Estefanía Dos Santos. Antonio Esteban López é un gran amante da música que durante moito tempo foi vicepresidente da Banda Unión Musical e Artística de Sax e logo continuou colaborando coa devandita banda. Unha persoa moi querida en Sax, cousa que pode percibirse nesta peza musical.



Poeta e Aldeano (Dichter und Bauer, 1846, Viena)

Franz von Suppé (1819 Split, Imperio Austríaco - 1895 Viena, Imperio Austro-Húngaro)

Arranxos J. L. Quintás Carreira

Trátase dunha opereta cómica de enredo amoroso entre tres parellas dividida en tres actos e onde o que máis destaca, por encima do libreto, é a súa música fresca e enérxica e as súas bonitas melodías. Non é casualidade que sexa esta unha das obras de referencia do seu autor.

Franz von Suppé nace en Split pertencente a Dalmacia, sur da actual Croacia, que naquel momento pertencía ao Imperio Austríaco. Especialízase en frauta en Cremona, onde tamén estuda harmonía. Compuxo unhas 210 obras sendo 30 delas operetas e o resto ballets,

bodeviles.... moitas non se interpretan normalmente na actualidade mais con todo é moi coñecido por tres delas entre as que podemos atopar *Poeta e Aldeán* sendo as outras *Mañá, tarde e noite en Viena (Morgen, Mittag und Abend in Wien)* e *Cabalería lixeira (Leichte Kavallerie)*.



Danzas Armenias (1972)

Alfred Reed (1921 - 2005)

Alfred Reed, nacido en Nova York (USA), xa desde moi novo destaca no campo da música especializándose

inicialmente en trompeta sendo un dos compositores máis prolíficos deste país con máis de 200 obras publicadas. É destacable que nos tan só tres anos e medio que estivo no exército durante a Segunda Guerra Mundial produciu un centenar de pezas entre obras orixinais e arranxos. Estableceu o ensino en negocios musicais (desde vender un disco, unha entrada para organizar un actuación..., por exemplo) na Universidade de Miami sendo a primeira vez que se facía.

Armenian Dances é unha suite en catro movementos baseada en cancións populares armenias recompiladas por Gomidas Vartabed (1869-1935), quen ademais foi un dos fundadores da música clásica armenia. Hai dous suites (*Armenian Dances I* e *Armenian Dances II*), ambas dúas dedicadas a Harry Begian, o director da *Illinois University Symphonic Band* cuxa familia tivo que fuxir do seu país por mor da limpeza étnica que exerceu o exército turco no imperio otomán.

Charles Chaplin Selections (arranxo para banda 2000)

Cornelius Marcel Peeters (1926 - 2020)

Charles Spencer Chaplin (1889-1977) compuxo múltiples melodías que foron arranxadas por Cornelius Marcel Peeters e engarzadas delicadamente nesta xoia musical que é a selección que interpretou a nosa BEMR.

Charles Chaplin, quen é coñecido principalmente pola súa faceta de actor e humorista, tocaba o violín e o violonchelo e tamén foi compositor musical, produtor, guionista, director, escritor e editor. De feito o Oscar que obtén en 1972 é á banda sonora de *Candilejas* en cuxa composición participou. Pero sobre todo, máis aló destes logros

profesionais, sempre foi unha persoa comprometida cos problemas do seu tempo e aínda que non era comunista chegou mesmo a ter que exiliarse de EE.UU. na época da chamada “Caza de Bruxas” de Maccarthy acusado diso.

White christmas (1941)

Irving Berlin (1888 Bielorusia - 1989 EE.UU.)

Irving Berlin, compositor e letrista nado en Bielorusia e nacionalizado en Estados Unidos, foi moi frutífero tanto en composicións como en letras de cancións. A el debemos temas como *Cheek to Cheek*, *Puttin' on the Ritz*, *God Bless America...* ou o mesmo que nos ocupa entre tantos e tantos.

Na película *Holiday Inn* (1942), cantada polo xenial Bing Crosby, podemos atopar por primeira vez esta canción que chegou a ser unha das máis gravadas da historia e a cara A do single máis vendido por encima de *Candle in the Wind* de Elton John.



Marcha Radetzky (Radetzkmarsch 1848, arranxo para banda 1993)

Johann Strauss (1804 - 1849)

Arranxos Alfred Reed (1921 - 2005)

Johann Strauss (pai) compón en 1848 este divertido tema clásico musical tan usado nos concertos de Nadal, en honra do Conde Joseph Wenzel Radetzky, mariscal de campo do imperio austriaco que derrotou a revolución de 1848-49 no Norte de Italia e que se encadra na loita deste último país pola unificación á vez que desprenderse do xugo do imperio austrohúngaro, todo iso á súa vez no conxunto dos intentos da nobreza feudal europea de reverter os avances da revolución francesa e impedir o triunfo da burguesía en todo o continente. Foi tarareada en principio por todos como un himno do nacionalismo austriaco. Pero cando o mesmo mariscal reprimiu a revolución na propia Austria esta marcha foi vista como a exaltación dun personaxe reaccionario. Ese mesmo ano morre o autor. Máis tarde en 1914 o tamén austriaco Leopold Weningen faílle uns arranxos dándolle un ton máis festivo e menos marcial desligándoo, en certa medida, do personaxe histórico. Por desgraza Weningen afiliouse ao partido nazi e apoiou o avance de Hitler e de novo esta peza foi vinculada con tendencias retrógradas sendo que é a versión arranxada por Alfred Reed (xa falamos del en *Danzas Armenias*) a que a BEMR executou.

Tamén podería ser interesante ler a novela *Radetzkmarsch (A Marcha Radetzky)* de Joseph Roth; ed. Alianza ISBN: 978-84-1362-843-1.

Un paseo polos nosos lugares...

Imo

EDPC

O pasado 4 de Setembro a Banda da Escola de Música de Rianxo actuou en Imo. Esa tarde noite chovía e fomos acollidos baixo unha carpa situada no que no seu tempo foi unha eira de trillar, abrazados polas casas construídas en círculo ao redor dela e xunto a un conxunto imponente de hórreos aos pés da citada eira. Sentímolos no seu momento como un lugar acolledor e, en canto tivemos ocasión démonos un salto para compartir un bo intre e falar coas súas xentes. Realmente foi unha tarde agradable e, precisamente ese ambiente é o que nos gustaría transmitir con este pequeno artigo.





Imaxe do camiño aos petróglifos de Bouza Badín, onde podemos ver o contraste entre a economía industrial actual, neste caso unha granxa de porcos, e as brañas ao lonxe, que foron un dos principais sectores económicos na antigüidade.



Os petróglifos de Bouza Badín, onde a natureza e a pegada do home converxen nunha fusión de enorme beleza.



Vista desde os petróglifos de Bouza Badín, desde onde podemos ver as Brañas de Laíño, moi importantes na economía da zona en tempos pretéritos, como di certa copla popular:

“As meniñas de Laíño, Eu direi quen elas son:
Collen o xunco na braña
Vano vender á Padrón”



Flores do xénero *Asphodelus* que podemos atopar nos petróglifos de Bouza Badín. Unha lenda popular conta que os gravados dos petróglifos son en realidade portas ao averno, poderían os *Asphodelus* reforzar esta lenda?



Antigo pombal situada cara aos hórreos da zona alta.




Antigo lagar excavado na mesma pedra. Tamén os lagares gregos e romanos se excavaban na pedra.



Edificio de estilo antigo que atopamos facendo esquina de camiño á plaza da Lavandeira. Destacamos a súa peculiar forma curva.



Antigo lavadeiro de pedra, agora en desuso, no que cada familia tiña unha pedra para lavar asignada e funcionaba tamén como lugar de reunión.



Frase de Rosalía ubicada na plaza da Lavandeira que reflicte a profunda implicación da poetisa co pobo.




O Cruceiro de Abelán, construído en 1672, ubicado no cruce de camiños que levan á Devesa, Bustelo e a Teo. No varal hai un oco semellante a unha fornela que se cree que algunha vez albergou unha imaxe, quizais un retablo adicado ás ánimas, agora desaparecida.



Conxunto de hórreos situado aos pés da plaza da Lavandeira, que era unha antiga eira de trillar. Nada máis entrar chama a atención a ubicación das casas, que rodean a plaza dando unha sensación de seguridade e recollemento moi agradables.



Conxunto de hórreos situados na zona alta de Imo, que nos lembran fragmentos dun pasado.



Vista lateral dos xardíns da Iglesia de San Xoán de Laíño.



A Igrexa de San Xoán de Laíño, cos seus fermosos xardíns, permítenos ver unha mostra do sentido comunitario presente no pobo de Imo. É moi notable a presenza dos carteis anunciando asembleas de veciños.

A Música da BEMR

Waltz No. 2 from Jazz Suite No. 2, Dmitri Shostakovich

Jesús Pérez

Ao longo do ano 2019 a Banda da Escola de Música de Rianxo interpretou polas nosas aldeas e pobos un tema de Dmitri Shostakovich denominado popularmente *Second Waltz* aínda que André Rieu recoñece cambiarlle o nome en aras da comercialidade do tema e do seu propio disco *From Holland with Love* sendo o seu nome orixinal *Waltz No. 2 from Jazz Suite No. 2*. Tamén o podemos gozar no filme *Eyes Wide Shut* de Stanley Kubrick. O tema que nos ocupa percorreu un tortuoso camiño de reconstrución pois a partitura orixinal da *Suite No. 2* perdeuse durante a Segunda Guerra Mundial. Con todo en 1956 usouse na banda sonora da película *Peryy eshelon (O Primeiro Escalón)* do cineasta soviético Mikhail Kalatozov), logo recolleuse nunha compilación do autor chamada *Suite for Promenade Orchestra* sendo no ano 2000 que Gerard McBurney, partindo dunhas partituras para piano e ao mando da BBC Symphony Orchestra estrea unha reconstrución da *Jazz Suite No. 2* onde non está o noso *Second Waltz*. Mesmo xurdiron teorías sobre a orixe da canción popular que inspirou a Shostakovich apuntando a que o escoitou de beizos dos nenos que chegaron á URSS fuxindo da guerra civil en España, en concreto a canción *Ío te Daré*; cousa nada desatinada tendo en conta que á hora de crear unha arte revolucionaria era unha orientación a fusión en grao sumo avanzado da arte a nivel mundial coas melodías e tradicións populares. Este valse pertence aos traballos que Shostakovich dedicou a explorar e gozar o mundo do Jazz. Entre os moitos discos que poderíamos recomendar nesta etapa do xenial compositor citaremos *Shostakovich The Jazz Album*; executando os temas a Royal Concertgebouw

Orchestra (Amsterdam) baixo a batuta de Riccardo Chailly e publicado polo selo Decca en 1992 e tamén o disco *Suite for Variety Orchestra* con Andrew Litton ao mando da Singapore Symphony Orchestra.

Dmitri Shostakovich foi un creador musical que viviu momentos históricos moi importantes nunha nación, a URSS, que pasaba por unha situación difícil e decisiva. Esta intensa loita interna e externa marcou a súa carreira artística, como non podía ser doutra maneira, dotando toda a súa obra dunha gran riqueza musical; digámolo así, dunha enorme delicadeza e sutilidade harmónica preñada da potencia que achegaba o bravo e convulso mar da loita de clases a nivel nacional e internacional naqueles anos que van desde a Revolución de Outubro ata entrar nos cincuenta do pasado século. Somos conscientes de que todo ser humano comprometido honestamente co seu tempo e en constante loita por superarse e ofrecer o máis íntimo da súa alma para o avance da humanidade ha de enfrontarse ao longo da súa vida a aquelas persoas que xa sexa desde a equidistancia politicamente correcta, xa sexa “domesticando ao *un* para enfrontalo ao *outro*”, xa sexa partindo de prexuízos e non buscando a verdade nos feitos, ou simplemente defendendo as vellas ideas con novas roupaxes afofan, asfixian o mesmo arte e a creatividade e, seguramente, "coa mellor das intencións". Deste tipo de cousas, precisamente, afastareime no artigo tentando expresar simplemente o que sinto ante a súa música, achegando referencias e datos e abrindo a porta a que sexa o lector, o oínte, quen valore a obra deste compositor. Por suposto, tamén teño a miña propia opinión, pero iso... para o final.


Suxerimos a audición dalgunhas das súas sinfonías (fixo quince nin máis nin menos). Aínda

que hai moitas gravacións das súas obras, e aínda que falemos doutras gravacións cando entremos en cada unha delas; por encima de todas eu recomendo adquirir o pack que contén as súas quince sinfonías e que está interpretado pola National Symphony Orchestra (Washington) baixo a dirección de Mstislav Rostropovich. Gravación do ano 1991 para Teldec Classics (Warner) pois non só rezuma unha gran calidade senón que achega a capacidade para a transmisión de sentimentos en gran parte grazas á presenza de Mstislav na dirección. Máis difícil de conseguir pero ao que tamén recomendamos ter en conta é esoutro gran condutor Evgeny Mravinsky. Pero só se é posible conseguir as súas grabacións, claro. Nota aclaratoria, calquera indicación nestes casos é subxectiva e é moi posible que o lector atope outras versións máis do seu gusto pero eu só podo recomendar as miñas preferidas ;)

